



Concello de Oza-Cesuras

EDICTO

Este Concello pretende aprobar a Ordenanza Xeral Reguladora de Prezos Públicos.

Co obxectivo de garantir a participación dos cidadáns no procedemento de elaboración de normas con rango regulamentario, e en cumprimento do disposto no artigo 133 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas -LPACAP-, con carácter previo á elaboración da Ordenanza, substánciase unha consulta pública previa para solicitar a opinión dos cidadáns e das organizacións máis representativas que potencialmente se poidan ver afectados pola mesma, sobre unha serie de aspectos como son os problemas que se pretenden solucionar coa iniciativa, a necesidade e oportunidade da súa aprobación, os obxectivos da norma e as posibles solucións alternativas regulatorias e non regulatorias.

En consecuencia, sométese a **consulta pública previa** á elaboración da **ORDENANZA XERAL REGULADORA DE PREZOS PÚBLICOS DO CONCELLO DE OZA-CESURAS**, a seguinte,

MEMORIA

a) Antecedentes:

Este concello na actualidade está a prestar unha serie de servizos e realizando unha serie de actividades, en réxime de dereito público, de solicitude voluntaria e non reservadas ao concello -pois tamén poderían ser efectuadas polas empresas privadas - que están supoñendo unha importante carga económica para as arcas municipais.

b) Os problemas que se pretenden solucionar coa iniciativa

Crear un marco xurídico xeral que regule a prestación dos citados servizos e actividades, para maior seguridade xurídica do concello e dos propios usuarios, e obter recursos para o financiamento, total ou parcial, desas actuacións procedentes dos usuarios beneficiarios.

c) A necesidade e oportunidade da súa aprobación

O establecemento da Ordenanza Xeral é necesario e oportuno, ademais de polos motivos anteriormente relacionados, porque simplificaría o proceso de establecemento dos concretos prezos públicos, ao dotarse o concello dunha norma xeral que regularía os conceptos comúns de todos os prezos públicos.

d) Os obxectivos da norma





Concello de Oza-Cesuras

Segundo o exposto, regular os prezos públicos -co obxecto de dotar as actividades e servizos que deben ser obxecto deles dunha norma xurídica que os regule, para maior seguridade xurídica e garantía dos beneficiarios-usuarios deles; dispor como ferramente xurídica dunha cunha norma xeral aplicable a todos os prezos públicos, o que facilitaría e simplificar dese xeito a súa implementación e, por último, que os usuarios-beneficiarios poidan contribuír ao financiamento, total ou parcial, deses servizos e actividades de recepción voluntaria das que se beneficien.

e) As posibles solucións alternativas regulatorias e non regulatorias.

Máis que de solucións, habería que falar de alternativas, que serían, esencialmente, dúas:

-Que ese tipo de actividades e servizos sexan gratuítos para os usuarios-beneficiarios deles, o que equivalería a que os custos dos mesmos fosen sufragados, na hipotética parte en que non sexan financiados con achegas de outras Administracións Públicas, con cargo aos orzamentos xerais da propia entidade local; isto é, por todos.

-Que se elabore unha ordenanza individual e concreta para cada prezo público, o cal, ademais de innecesario por repetitivo, nos levaría a un proceso longo, burocratizado e pouco operativo, se temos en conta que cada ordenanza precisaría do seu trámite de consulta previa, audiencia e información públicas, nun contexto concreto dun concello con limitados recursos persoais e materiais. Tal e como recolle o art. 3 da Lei 40/1995, do 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público, as Administracións Públicas deberán respectar nas súas actuacións, entre outros, os principios de simplicidade, racionalización, axilidade, eficacia e eficiencia.

Durante o prazo dos **vinte días** (art. 83.2 LPACAP) seguintes á publicación do presente Edicto no sitio web municipal, os cidadáns, organizacións e asociacións que así o consideren, poderán facer chegar as súas opinións a través da seguinte caixa de correos de correo electrónico: correo@concellodeozacesuras.es.

En Oza-Cesuras, na data da sinatura electrónicas

O ALCALDE

Asdo./ José Pablo González Cacheiro

